

RESOLUCIÓN reitoral do 22 de maio de 2025 pola que se aproba a modificación na dirección do curso de extensión “Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda. Ferramentas socioeducativas inclusivas”.

Mediante a R. R. de 8 de maio de 2025, pola que se publica a relación definitiva de axudas concedidas e denegadas para a organización de cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no Campus de Ourense, concedeuse unha axuda para a organización do curso “Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda”.

Recibido escrito de Alexo Breogán Riobóo Lois no que solicita a admisión da súa renuncia como director do curso antes citado, xa que por mor de causas sobrevidas non cumprirá cos requisitos establecidos na convocatoria de axudas para organizar cursos de extensión universitaria no ano 2025, e propoñendo ser substituído nesta función por Rubén González Rodríguez, en uso das competencias atribuídas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría,

RESOLVE:

Aceptar a renuncia de Alexo Breogán Riobóo Lois como director do curso “Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda” e aprobar a designación de Rubén González Rodríguez como director deste.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O vicerreitor do campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo